PSX:



MÁIS RESPONSABILIDADES ESIXEN MÁIS RECOÑECEMENTO

O traballo cambiou. O recoñecemento profesional e o salario teñen que cambiar tamén.

Desde a creación da categoría en 1996, o persoal de servizos xerais foi asumindo tarefas máis complexas, novas aplicacións e maiores responsabilidades na xestión administrativa e na atención á cidadanía.

O SERGAS esixe cada vez máis, pero segue sen recoñecer o traballo que realmente desenvolve o persoal PSX.

Que esiximos desde CIG-Saúde?

1

Revisar as funcións reais: estudar como cambiou o traballo e valorar a súa complexidade, autonomía e responsabilidade.

2

Adecuar a titulación e os requisitos de acceso ás funcións que se desempeñan, garantindo os dereitos do persoal que xa ocupa estas prazas.

3

Recoñecer o desenvolvemento profesional e economicamente ese traballo, con retribucións acordes ás responsabilidades asumidas.

4

Abrir a negociación na Mesa Sectorial, cun calendario concreto e compromisos para aplicar as medidas acordadas.

O SERGAS pode e debe actuar no ámbito das súas competencias.

Non abonda cun complemento para seguir acumulando tarefas. Cómpre un recoñecemento profesional e retributivo que responda ao traballo actual.

O aforro do SERGAS non pode seguir sendo a costa do persoal PSX

CIG-Saúde - POLO RECOÑECEMENTO DO TEU TRABALLO

Novembro 2026